

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DE FACTURAS PENDENTES DE TRAMITACIÓN CORRESPONDENTES A GASTOS PROTOCOLARIOS, ASÍ COMO GASTOS DIVERSOS DA ALCALDÍA REALIZADOS EN EXERCIZOS ANTERIORES.

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 69-2024, por un importe total de 26.377 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden de facturas pendentes de tramitación correspondentes a gastos protocolarios, así como gastos diversos da Alcaldía realizados en exercizos anteriores, cuxa autorización é competencia do Excmo. Concello Pleno, polo que deberán ser incluídas no próximo expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1782/2024, do 05.12.2024 así como o RCMOD Ref.: 82360/2024, por importe de 19.000 € e RCMOD Ref.: 82361/2024, por importe de 7.377 € do 04.12.2024, que en su totalidade suman 26.377 €.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio.

Porén neste caso que nos ocupa trátase de dar saída a obrigas de exercicios previos, que teñen preferencia na tramitación, aínda que se asume que esta non debe ser a forma ordinaria de proceder con esta tipoloxía de gastos.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 26.377 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3114391742071790597.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 69-2024 Fras. Protocolo REC

APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
92006.12000 92006.12101	19.000,00 € 7.377,00 €	91201.22699	26.377,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	26.377,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	26.377,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.